



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Área de Seguridade Cidadá. Negociado de Seguridade e Tráfico

Aprobación inicial do Regulamento de Funcionamento da Oficina de obxectos perdidos do Concello de Ferrol.

ANUNCIO: Aprobación inicial do Regulamento de Funcionamento da Oficina de obxectos perdidos do Concello de Ferrol.

O Excmo. Concello Pleno, na sesión celebrada o día 29 de xullo de 2021, acordou a aprobación inicial do Regulamento de Funcionamento da Oficina de obxectos perdidos do Concello de Ferrol.

De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o expediente sométese a información pública por un prazo de trinta días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que as persoas interesadas poidan examinalo e presentar as reclamacións ou suxestións que consideren oportunas.

O texto íntegro do Regulamento poderase consultar durante este período no taboleiro de anuncios da sede electrónica da web municipal (<https://www.ferrol.gal/Sede/TaboleiroAnuncios> e no negociado de Seguridade e Tráfico do Concello de Ferrol.

De acordo co disposto no apartado c) do artigo 49 da Lei 7/1985, no caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Ferrol, 19 de agosto de 2021.

O Concelleiro Delegado da área de Seguridade e Tráfico, Mercados, Consumo, Sanidade e Benestar Animal (P.D. Resolución da Alcaldía de data 8-7-2019 -BOP 22-7-2019) .

Asdo.: Germán Costoya Casas

2021/6354